



-Moción do Grupo Provincial de Marea Atlántica en defensa da cultura e en rexeitamento da rebaixa do IVE tauromáquico.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O anuncio do goberno central de efectuar unha baixada do IVE para os eventos tauromáquicos ven de crear un profundo rexeitamento no sector cultural, que entende na súa inmensa maioría que as touradas non son dignas de equiparación con espectáculos culturais de calquera tipo, como os concertos de música, as representacións de danza ou as obras teatrais.

Seguindo o posicionamento da Moncloa, ao final a veciñanza acabará pagando máis Imposto sobre o Valor Engadido por servizos básicos como a luz (21%), a compra dun material escolar (21%) que cada vez custa máis ás familias ou por acudir a ver unha película ao cine (21%) que por mercar unha entrada para presenciar a tortura sistemática e a morte sádica dun animal.

As e os representantes da cidadanía teñen a obriga de posicionarse cando se producen situacións inxustas, sobre todo aquelas que se crean dun xeito artificioso e cun interese claro de favorecer a determinadas grupos de presión, como é o caso da tauromaquia.

A fin das touradas no noso país é un claro exemplo de como as institucións e os movementos asociativos como a plataforma Galicia, Mellor Sen Touradas, teñen cooperado para suprimir o uso de fondos públicos que permitían organizar toda clase de actos taurinos. Exemplos como A Coruña, Sarria ou Padrón, pero tamén os posicionamentos doutras corporacións locais e das Deputacións da Coruña e Pontevedra evidencian que a xente non quere pagar cos seus petos a tauromaquia.

Por todo isto, o Grupo Provincial da Marea Atlántica solicita ao pleno da EXCMA Deputación Provincial da Coruña a adopción do seguinte acordo:

- Amosar a posición contraria desta corporación á eventual baixada do IVE para a tauromaquia e instar ao goberno central a non efectuar a citada rebaixa, mantendo o tipo actual do 21%
- Instar ao goberno central a rebaixar o IVE para a Cultura e o seu sector, que xera un verdadeiro valor engadido e mantén un importante número de postos de traballo, exceptuando desta iniciativa aos eventos taurinos.
- Notificar este acordo ao Ministerio de Facenda, á Xunta de Galicia e á plataforma Galicia, Mellor Sen Touradas.